

MESA SECTORIAL DO 23 DE XUÑO DE 2026

Concurso específico Enfermería Familiar e Comunitaria

Logo das alegacións presentadas onde denunciámos que faltaban 47 prazas de enfermeiras/os con título de especialista de familiar e comunitaria, o SERGAS acepta abrir un prazo para que as persoas que non teñan rexistrado o título de especialista no FIDES o fagan.

É moi importante que todas as persoas que dispoñan do título de especialista de familiar e comunitaria, actualicen o seu expedient-e, para poder identificar as prazas a convocar no concurso específico.

No mes de xullo publicarase no DOG un anuncio para que se faga esa actualización, e darase de prazo ata o 31 de xullo.

Unha vez rematado o Concurso de traslados aberto e permanente do 2026, volveranse a contabilizar as prazas a convocar neste concurso específico. Isto supón un retraso na convocatoria que probablemente será en decembro.

CIG-Saúde denunciámos a intencionalidade de algunha área de modificar as quendas das persoas que participen no concurso específico, e que non o aceptamos.

Concurso de traslados aberto e permanente

Apróbase a modificación das bases por unanimidade do CTAP, que terá efectos a partir do ano 2027.

- En cada ciclo anual teranse en conta as solicitudes rexistradas ata o 15 de febreiro.
- Os méritos a valorar serán os causados ata o 15 de xaneiro e rexistrados no FIDES ata o 15 de febreiro.

CIG-Saúde seguimos insistindo na retirada do requisito de un ano para poder participar no CTAP.

OPE

- **6 de xullo:** Publicarase no DOG a resolución para que as categorías que fixeron o exame en maio do 2025, excepto Grupo auxiliar da función administrativa (quenda discapacidade intelectual), que comecen a elixir destino.

Está pendente de definir coas áreas que prazas se ofertan na categorías de Grupo auxiliar da función administrativa (quenda discapacidade intelectual), antes da elección de destino.

Haberá un prazo de 10 días hábiles para escoller destino de forma telemática no FIDES.

- As tomas de posesión terán lugar no mes de agosto en todas as categorías, excepto en Técnico/a superior de Laboratorio que será en setembro.

